

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de MARZO de 2023
Duración	Desde as 21:00 ata 22:40 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	NON
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	NON
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Procédese á aprobación das actas das sesións correspondentes ao Pleno ordinario de setembro e o Pleno extraordinario de outubro aprobadas por unanimidade.

2. Expediente 130/2023. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación).

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta correspondente ao Exp. 130/2023 referente á aprobación inicial do regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes acorde ao Anexo que teñen no expediente. Com saben vimos de poñela en marcha e polo tanto debemos aprobar a norma de regulamento de funcionamento da mesma e pronto traeremos unha ordenanza fiscal para o mesmo servizo. Trátase dun regulamento tipo que tamén se utiliza na Xunta de Galicia para as Galiñas Azuis e que este é o procedemento de aprobación inicial e que ten unha exposición ao público mediante publicación no BOP e de aprobación definitiva en caso de non haber alegacións.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que pouco temos que dicir tratase de un documento para o funcionamento da Escola Infantil e o que si queremos puntualizar e que nos chegaron queixas de familias que non recibiron unha resposta axeitada polo Goberno cando se interesaron polo modo que podían acceder a ese servizo e neste senso pedimos ao Goberno municipal que se lle preste unha mellor atención ás familias que o demandan. Tamén lle recordamos que unha das primeiras actuacións cando chegaron ao goberno no ano 2019 foi facer unha ordenanza que establecera os prezos públicos que dende ese momento se cobrarían pola asistencia ao PAI. Agora que dende setembro do ano



pasado a Xunta de Galicia ofrece educación gratuíta para os nenos de 0-3 anos celebramos que esa ordenanza que vostedes crearon con relación ao pago do servizo educativo non poida ser trasladada desta vez á Escola Infantil.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que pola súa banda o que queren recoñecer o que fai ben o goberno e que por fin saia adiante a Escola Infantil Municipal e que as instalacións quedaron en moi boas condicións e o que o BNG en xeral está contento con este proxecto. Aínda que o que queren é ampliar na medida do posible as prazas da Escola Infantil.

En canto á normativa non queremos comentar nada máis, porque entendemos que ten que ter unha normativa e máis alá dos erros de forma que se comentaron na Comisión entendemos que xa se tomou nota e que se vai a corrixir. Si que nos gustaría comentar que se abriu o proceso previo a este debate de consulta pública e como dixemos tamén na Comisión o mínimo sería que o Goberno tivera informado ás familias usuarias do Escola Infantil máis alá de colgalo na páxina web, xa que, hai moitos veciños de Outes que non consultan ni diaria nin mensualmente a páxina web do Concello, polo que dificilmente se van a enterar das cousas se non se busca unha transparencia máis proactiva.

Saben que pola nosa banda sempre estaremos aí para sacar cuestións deste tipo, era algo que se viña demandando dende hai moitos anos e xustamente o única que botamos en falta foi un maior investimento nas obras da Escola Infantil por parte da Xunta, iso si que o temos en falta, unha maior implicación do goberno da Xunta neste proxecto.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que non lles cabe dúbida de que o regulamento é necesario e que confiamos plenamente nos servizos técnicos municipais. Dito isto, nos imos dar o noso apoio a dito expediente como fixemos ata o de agora con todo o relacionado anteriormente co PAI e agora coa Escola Infantil.

Indica o Sr. González que con respecto ás verbas da Sra. Molinos descoñecen as queixas que esta indica e en tal caso se sabemos de algunhas delas intentaremos resolver as problemáticas que poidan existir. Matizar que a ordenanza si que se vai a realizar, o feito de que a Xunta de Galicia ofrezca gratuidade non quere dicir que non teña que haber unha ordenanza que estableza os prezos públicos que son os mesmos que seguramente nas escolas infantís, porque é necesario para calcular a subvención que recibiremos da Xunta de Galicia por cada rapaz. Se non tiveramos ordenanza cuns prezos determinados non poderíamos recibir a



subvención da Xunta de Galicia. Estamos en proceso de ampliar as prazas para o próximo curso da Escola Infantil e como o contido do regulamento é o mesmo que o das Galiñas Azuis e quen quixo facer consideracións e quen queira ten agora a opción de realizar alegacións que estime oportunas na exposición pública.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que igual non se explicou ben ou non me entendeu ben vostede, non me refería a que non tiveran que tramitar a ordenanza que sabemos que teñen que facer. Referíame ao pago das familias polo servizo das familias de atención de 0-3 anos, sabemos que teñen que tramitala pero ata o que nos consta non o fixeron. Sabemos que ten haber unha ordenanza, que ten que haber uns prezos e que eses prezos non entran dentro dese pago que fai a Xunta que é pola educación e outros aspectos como comedor que non se farían cargo.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes, Anexo I das normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal de Outes (EIM), consonte ás normas establecidas pola Consellería de Política Social, de obrigado cumprimento, nos termos en que figura no expediente e que a continuación se transcribe:

“DENOMINACIÓN ENTIDADE TITULAR: CONCELLO DE OUTES

CIF: P1506300A

Enderezo: Rúa da Vila, nº1 15230 Outes A Coruña

Teléfono: 981 850 003

Representante legal: O/A alcalde/sa do Concello de Outes

DENOMINACIÓN CENTRO: ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTES

Enderezo: Rúa da Emigración, nº2 Lugar Cruceiro de Roo 15287 Outes A Coruña

Teléfono: 699672015

Enderezo electrónico: eim@outes.gal

Responsable: O/A director/a pedagóxico/a da EIM

Núm. RUEPSS: E- 0417 C-3

CENTRO DE INICIATIVA: Pública

TIPO DE XESTIÓN: Directa

a) O prazo para **solicitar a reserva de praza de novo ingreso** anunciarase mediante a publicación dunha resolución da Alcaldía sobre o procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil para cada curso escolar. Publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes. As solicitudes de novo ingreso tramitaranse no impreso oficial habilitado ao efecto debendo xuntar a dita solicitude a seguinte documentación:

1. Libro de Familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite



- oficialmente a composición da unidade familiar.*
- 2. DNI ou outro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais ou representantes legais segundo proceda.*
 - 3. De ser o caso, título de familia numerosa.*
 - 4. Certificado de empadramento do/a menor e dun dos proxenitores ou representante legal que será expedido polo concello onde o menor se atope empadroado. No caso de estar empadroado no Concello de Outes, consultarase de oficio.
No caso de non estar censado no Concello de Outes, certificado de empadramento do concello do que procede. De ser o caso no que algún dos proxenitores ou representante legal do neno/a teñan os seus postos de traballo no municipio achegarase o certificado da empresa ou da institución correspondente.*
 - 5. Documentación acreditativa da situación laboral (contrato de traballo, última nómina ou informe de vida laboral). De ser o caso, acreditación da situación de desemprego mediante a presentación da tarxeta de desempregado/a.*
 - 6. De ser o caso de profesionais liberais e autónomos, certificado expedido pola Administración Estatal da Axencia Tributaria que acredite a alta no IAE e último recibo do pagamento de cota á Seguridade Social ou certificado da mutualidade profesional.*
 - 7. Documentación acreditativa da situación económica: Copia cotexada da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, o/a interesado/a deberá asinar a correspondente autorización ao Concello de Outes para obter da AEAT os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. A estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar a dita solicitude. Se non se estivera obrigado á presentación do IRPF aportárase certificación de imputación de rendas e/ou declaración de ingresos referidos ao mesmo período..*
 - 8. De ser o caso, certificacións acreditativas das prestacións percibidas, expedidas polos organismos (INSS, SEPE....) e/ou administracións públicas pagadoras das mesmas.*
 - 9. Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerarase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.*
 - 10. No caso de nenos/os con discapacidade ou necesidades educativas especiais, informes do Equipo de Valoración e Orientación das Xefaturas Territoriais da Consellería competente na materia ou da Unidade de Atención Temperá segundo proceda.*
 - 11. Certificación correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado/a de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.*
 - 12. De ser o caso, documentación acreditativa de situación de familia monoparental.*
 - 13. Outros documentos se procederen, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles de puntuación no baremo.*

A documentación citada anteriormente fará referencia ás circunstancias existentes no momento de presentación da solicitude. De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste artigo, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente. A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

Os criterios de prioridade para a adxudicación das prazas serán os seguintes:

- 1. Aqueles nenos e nenas empadroados no concello de Outes que acrediten que polo menos un dos proxenitores ou representante legal estea empadroado no mesmo domicilio.*
- 2. De existir prazas vacantes poderán acceder ao servizo as fillas e os fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano da administración que radique no Concello de Outes. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou da institución correspondente.*
- 3. Persoas que teñan a súa residencia en concellos limítrofes co de Outes. Para isto*



será necesario achegar o certificado de empadramento do menor e de polo menos dun dos proxenitores, titores/as ou representante legal.

4. De non existir familias en lista de agarda, pódese admitir asistencias puntuais por motivos familiares previo informe dos servizos sociais.

As solicitudes aceptaranse por orde de presentación, salvo no caso de haber mais solicitudes que prazas ofertadas. Neste suposto levarase a cabo, por parte da Comisión de valoración formada por 1 persoa técnica do departamento de servizos sociais e o/a director/a pedagóxico/a da EIM, unha baremación entre as solicitudes recibidas para a súa adxudicación. O seguinte baremo aplicarase exclusivamente ás solicitudes de novo ingreso, cando haxa máis solicitudes de ingreso que prazas ofertadas

Entenderase por unidade familiar

- ✓ Os/as fillos/as menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos/das pais/nais, vivan independentes destes/as.
- ✓ Os/as fillos/as maiores de 18 e menores de 25 que acrediten que viven no domicilio e non teñan ingresos.

Os/as fillos/as maiores de 18 anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento, incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Baremo de admisión

1. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR		PUNTOS
1,1	Por cada membro da unidade familiar (Só para os supostos do cálculo da renda per cápita, incrementarase o número real de membros da unidade familiar nun 0,8 puntos no suposto de familias monoparentais)	2
1,2	Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
1,3	No caso de que a/o nena/o para o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
1,4	Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
1,5	Pola condición de familia monoparental	5
1,6	Por ausencia do fogar familiar dos dous membros parentais	6
1,7	Pola condición de familia numerosa	3
1,8	Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada	3

2. SITUACIÓN LABORAL		PUNTOS
2,1	Situación laboral de ocupación	
	Pai	7
	Nai	7
2,2	Situación laboral de desemprego	
	Pai	2
	Nai	2
2,3	Perceptores da Risga	
	Nai	3
	Pai	3

Adxudicarase a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous, no caso de familias monoparentais.



3. SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente)	PUNTOS
Inferior ao 25% do IPREM	4
Entre 25% e o 50% do IPREM	3
Entre 50% e o 75% do IPREM	2
Entre 75% e o 100% do IPREM	1
Entre 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre 150% e o 200% do IPREM	-3
Igual ou superior ao 200% do IPREM	-4

De producírense empates nas puntuacións logo de baremadas as solicitudes, os criterios a seguir para proceder ao desempate serían:

1. Primeiro: daráselle prioridade á situación laboral de ocupación dos pais fronte á situación laboral de desemprego.
2. Segundo: de persistir o empate logo da aplicación do primeiro criterio daráselle prioridade ás solicitudes de xornada completa (continuada ou partida) con servizo de cociña sobre a media xornada.
3. Terceiro: de persistir o empate terán preferencia as solicitudes coa renda percápita máis baixa.

Unha vez realizada a baremación, a Comisión de Valoración, efectuará a proposta inicial de persoas admitidas e de agarda. A relación provisional coa puntuación obtida de persoas admitidas e de agarda publicarase por acordo da Xunta de Goberno Local no taboleiro de anuncios da páxina web do concello. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución das listaxes provisionais para a presentación das reclamacións no rexistro xeral do concello. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da listaxe definitiva.

A listaxe de agarda resultante do proceso de baremación ordinario estará vixente ata o remate do curso escolar.

Cando se oferta unha praza vacante, a persoa á que se lle adxudique segundo a súa situación na listaxe de agarda, deberá formalizar a matrícula nun prazo de 3 días desde a recepción da comunicación. Cando non se proceda a formalización da matrícula no prazo anteriormente sinalado darase por rexeitada a praza. Dito rexeitamento suporá a perda do posto acadado na listaxe de agarda permitindo que a EIM proceda ao chamamento do/a menor que lle siga por orde de puntuación. Excepcionalmente, non decaerá da listaxe de agarda aquelas solicitudes que, sendo chamadas para ocupar unha praza vacante, a rexeitara por non ofertárselle o horario demandado na solicitude de ingreso. Para o suposto no que o/a menor chamado/a para ocupar unha vacante, aceptase un horario distinto ao solicitado e con posterioridade ao seu ingreso se producise unha nova vacante con horario máis axustado a súa demanda inicial, terá dereito a que se lle oferte a mesma con carácter previo a un novo chamamento da listaxe de agarda.

Unha vez rematado o prazo de admisión de solicitudes de novo ingreso aceptaranse solicitudes con posterioridade a dito prazo, sendo chamados por rigorosa orde de presentación da solicitude no caso de esgotarse a lista de agarda e haber prazas vacantes na EIM.

b) O prazo para o **pago da reserva de praza de novo ingreso. NON SE COBRARÁ NINGUNHA CONTÍA EN CONCEPTO DE RESERVA DE PRAZA DE NOVO INGRESO.**

c) O prazo para **solicitar a renovación de praza** anunciarase mediante a publicación dunha resolución da Alcaldía sobre o procedemento de admisión: solicitudes de renovación, novo ingreso e matrícula de usuarios/as da escola infantil para cada curso escolar publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Outes. As solicitudes de renovación de praza tramitaranse no impreso oficial habilitado ao



efecto.

Para a renovación de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

As persoas usuarias de media xornada ou horas/días puntuais só poderán variar o horario establecido na súa solicitude de haber prazas vacantes no horario solicitado. De haberen máis solicitudes que prazas vacantes, a adxudicación de prazas na nova franxa horaria farase en función da orde de puntuación acadada no proceso de baremación polo que se incorporou á EIM.

Aqueles/as nenos/as que se matricularan con posterioridade ao 1 de febreiro, deberán tramitar a solicitude de novo ingreso para o seguinte curso escolar. Esta circunstancia constará debidamente asinada polo/a pai, nai ou representante legal da crianza no momento de aceptar a praza vacante ofertada.

d) O prazo para o **pago da renovación de praza. NON SE COBRARÁ NINGUNHA CONTÍA EN CONCEPTO DE RENOVACIÓN DE PRAZA.**

e) O prazo para a **realizar matrícula**. A matriculación farase nos prazos establecidos na resolución de Alcaldía pola que se abre o procedemento de admisión: solicitude de renovación, novo ingreso e matrícula de persoas usuarias da escola infantil municipal.

A matrícula formalizarase a través do impreso normalizado que se facilitará no Concello, servizo de educación familiar, ao que se achegará a documentación prevista nas normas de funcionamento da Escola infantil.

f) O prazo para **comunicar a baixa** na escola. Durante todo o curso escolar poderase comunicar a baixa na escola de calquera usuario/a. Nos casos nos que a baixa no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes a cota correspondente a pagar será proporcional aos días de asistencia ó centro.

Causas de Baixa

1. Incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na EIM, agás os/as menores que por necesidades educativas especiais deban permanecer no centro un ano máis.
2. Por solicitude dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.
3. Por falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refira a débeda.
4. Por comprobación da falsidade dos datos ou documentos achegados.
5. Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer na EIM
6. Por falta de asistencia continuada durante 15 días sen causa xustificada.
7. Por incumprimento reiterado das normas do RRI.

Naqueles casos en que a baixa sexa xustificada e se prolongue máis dun mes, haberá que achegar xustificación con carácter mensual. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.

g) **CAPACIDADE E HORARIOS** (estableceranse ó inicio de cada curso): de apertura centro e de peche do centro.

A Escola infantil municipal do Concello de Outes conta con **dúas aulas** diferenciadas:

1. **Aula 0-2.** Destinada a menores de entre 3 meses e dous anos. Con capacidade para 10 prazas das cales 8, como máximo, serían bebés (nenos/as menores de 1 ano).
2. **Aula 2-3.** Destinada a menores de entre dous e tres anos de idade. Con capacidade para 20 prazas.

Estas distribucións estará suxeitas a posibles modificacións no caso de que en función da demanda existente en cada curso escolar fose necesario solicitar redistribucións temporais das unidades.



A Escola Infantil Municipal do Concello de Outes prestará os seus servizos, de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos, de luns a venres en horario de 8.00h a 19.00 horas, de xeito ininterrompido excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e aqueles días que así se determine.

Nos **meses de verán** a EIM do Concello de Outes poderá reducir o seu horario de peche, prestando os seus servizos de luns a venres, segundo a demanda dos usuarios/as, en horario de:

- Xullo: de 8:00h a 18:00h (ou inferior segundo as demandas dos/as usuarios/as)
- Agosto: de 8:00h a 18.00h (ou inferior segundo as demandas dos/as usuarios/as)

Para isto, dende a dirección pedagóxica da escola farase unha consulta vinculante ás familias solicitando a asistencia e os horarios que os seus fillos/as empregarán nestas datas.

O **curso escolar iniciárase** no mes de setembro, na data sinalada na resolución da Alcaldía pola que se abre o prazo de reserva de praza e matrícula de usuarios/as e rematará o 31 de agosto.

O alumnado matriculado durante os doce meses do curso escolar deberán gozar dun mes enteiro de **vacacións**. Poderase solicitar o seu goce durante un mes completo ou ben o seu reparto en dúas quincenas cando así sexa suficientemente acreditado pola familia e, en todo caso, gozarse entre a data de inicio de curso e o 31 de agosto. No caso de alumnado matriculado por un período inferior a seis meses deberán gozar dun período de vacacións de quince días.

Na entrada e na saída das crianzas deberanse respectar os horarios preestablecidos, co obxectivo de manter a continuidade e coherencia nas propostas educativas programadas. Non obstante o anterior, e sempre que se respecte a ratio, atenderanse aqueles casos excepcionais xustificados polas familias.

Ao longo da xornada respectaranse as necesidades fisiolóxicas do neno ou nena. Isto debe supoñer unha coordinación do Equipo Educativo-familia onde se garanta a cobertura destas necesidades. Para garantir dita cobertura establécense os seguintes intervalos horarios de alimentación e descanso, durante os cales non se permitiran entradas e saídas de nenos/as salvo causa xustificada:

Almorzo	8:30h a 9:00h
Merenda de mañá	10:15h a 11:15h
Comida	12:45h a 14:00h
Descanso	14:00h a 15:30h
Merenda de tarde	17:00h a 17:30h

Atendendo a ditos intervalos horarios establécense os seguintes **horarios de recollida**:

- Usuarios/as que non comen na escola sairán antes das 12:45 horas
- Usuarios que comen na escola e non fan sesta sairán ás 14.00 horas.
Todas aqueles nenos e nenas que permanezan na escola máis alá do horario de remate da comida terán que seguir coa organización educativa establecida e que se corresponde co momento do descanso, sendo o horario de saída a partir das 15.30 horas.

A dirección pedagóxica da escola infantil solicitará ás familias o cumprimento do horario concretado no momento da matrícula que implica a asistencia continuada da crianza durante a semana, agás a concorrencia de circunstancias que así o xustificuen. No caso dun incumprimento reiterado sen a debida xustificación a Dirección pedagóxica, previa comunicación ao Concello, reducirá de oficio o horario solicitado pola familia polo horario no que a crianza permaneza habitualmente no centro.



O **horario de atención ás familias** será consensuado entre a familia e o centro, previa comunicación por ambas partes.

h) Prazo para o **pago dos servizos prestados**. O prezo público por asistencia á Escola infantil Municipal fíxase segundo o que indique as taxas da Xunta (segundo o IPREM), que teñen en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar, e unha vez aplicadas as diversas reducións que na mesma se contemplan.

A Xunta de Galicia ofrece educación gratuíta no primeiro ciclo de infantil para todos os segundos fillos e sucesivos de 0 a 3 anos desde abril de 2020. A partir de setembro de 2022 amplíase esta iniciativa de xeito que permite que todas as familias queden exentas do pago da matrícula e a atención educativa para os seus fillos nunha escola infantil.

A gratuidade aplicase tanto nos centros públicos de titularidade autonómica, como nos privados, de iniciativa social, municipais ou de calquera outra índole que estean adheridos ao programa. Como centro adherido a dito programa, a escola infantil municipal de Outes, aplicará directamente a tódolos usuarios/as deste servizo o desconto do 100% no custo da atención educativa. Sendo a Xunta de Galicia quen aboe o custo do servizo educativo ao centro.

A gratuidade aplícase aos custos do servizo de atención educativa, pero non aos servizos complementarios, como os de comedor, cociña, transporte, a ampliación de horario ou calquera outro servizo que ofrezca o centro. Para os efectos desta ordenanza entenderase por atención educativa a actividade realizada dentro da aula en horario ordinario.

O pagamento das cotas referidas aos servizos complementarios (como os de comedor, cociña, transporte, a ampliación de horario ou calquera outro servizo que ofrezca o centro) realizarase mensualmente mediante domiciliación bancaria. Nos casos nos que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes a cota correspondente a pagar será proporcional aos días de asistencia ó centro.

As persoas usuarias non terán a obriga de aboar a cota durante os períodos do mes de vacacións, falta de asistencia por causa debidamente xustificada e cando por calquera motivo distinto dos anteriores o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

i) Descrición da metodoloxía/fórmula de **revisión de prezos**. Durante o curso poderase proceder á súa revisión, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares referidas aos seguintes casos:

A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos. A variación no número de membros da unidade familiar, se fose o caso.

A/o beneficiaria/o queda obrigada/o a comunicar calquera variación que se produza ao respecto

Os prezos públicos establecidos nesta ordenanza actualizaranse segundo a normativa vixente que regule o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia e as súas actualizacións para cada curso escolar, previa modificación acordada polo Pleno da corporación municipal.

j) As **actividades extras/complementarias** que van a realizar na escola infantil son as seguintes:

DENOMINACIÓN EXTRAS/COMPLEMENTARIAS	ACTIVIDADES AULA	HORARIO	OBRIGATORIA/ VOLUNTARIA
--	---------------------	---------	----------------------------



Visita ao CEIP Plurilingüe de Outes	2-3	De 10:00 a 12:30h Data sen determinar	Voluntaria
Festexo fin de curso	0-2 2-3	De 17:00 A 19:00 Data: 31 de agosto de 2023	Voluntaria

k) Independentemente do momento da incorporación dos/as menores á EIM, establecerase un **período de adaptación**, segundo se regula no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, e nas normas de funcionamento das escolas infantís co obxectivo de establecer unhas bases sustentadas na confianza mutua e na comunicación entre as crianzas, educadores/ as e familias.

O protocolo para a incorporación dos nenos e das nenas á escola será progresiva do seguinte xeito:

1. A organización do tempo dos nenos e nenas de 3 meses a 3 anos será flexible para adaptarse aos seus ritmos de actividade e descanso. Non obstante, considerarase que os/as menores deben acudir ao centro nun horario fixo, nos momentos de entretemento e lecer e a comezos da semana, cunha estancia non superior a 30 minutos. Nas semanas seguintes irase ampliando o tempo de estancia en función da progresión do neno/a.
2. O proceso de adaptación pódese alterar por mor de calquera circunstancia que as persoas educadoras xulguen necesario en función das características de cada neno/a.
3. Se o neno ou nena se ausentase do centro longos períodos de tempo, cumprirá aplicar de novo o período de adaptación.
4. No caso de que calquera dos anteditos aspectos non se cumpran na forma en que dispón este regulamento, non se admitirán no centro”.

SEGUNDO. Someter dita aprobación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor



3. Expediente 224/2023. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción).

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expor a proposta relativa ao presente expediente con relación á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Outes e a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia e como comentaron na Comisión ARD foi beneficiaria de este plan de aplicación a cinco concellos e que está regulado con turismo de Galicia. Para unha mellor xestión destes fondos é necesario que unha entidade local xustifique estes fondos e executalos e como a ARD non ten tal condición o que se acordou foi que o Concello de Noia sexa quen se encargue desta xestión. A contratación das obras as vai a facer o Concello de Noia e con relación as obras serán transferidas ao concello.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o PP aínda que estando de acordo co fundamento deste convenio que entendemos que é a realización de actuacións de mellora no desenrolo do turismo de xeodestino Muros-Noia ao que pertencemos, facendo estas actuacións a través dun convenio. Aínda estando de acordo xórdenos dúbidas que nos gustaría que nos aclarase. Vemos que no convenio aparece a listaxe de actuacións incluídos no mesmo, polo que podemos ver para o Concello de Outes figura unha actuación dentro do eixo 2 que pon "Mellora da eficiencia enerxética" e que ten por nome "mobilidade urbano peonil na Serra de Outes", pero o único que nos achegan é o nome sen proxecto ni explicación, polo tanto non sabemos de que se trata.

Quixeramos saber con que criterios foron distribuídos os fondos específicos para cada concello colaborador así como onde estará a área de servizo de autocaravanas e bicicletas que figura na listaxe de actuación. E como van a repercutir en Outes os proxectos que non están especificamente dirixidos a un concello en concreto.

Toma a palabra o Sr. González toma a palabra para matizar que o presente punto para ser aprobado precisa a maioría absoluta dos membros da corporación.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que o BNG que a cousa máis estraña é delegar os fondos que lle corresponde ao noso concello para que o xestione o concello de Noia, estamos a falar dunha situación anómala que non ten moito



sentido e que a culpa é compartida entre os alcaldes desta ría en particular os do PP. Esta é unha falta total de colaboración total por parte dos concellos da nosa zona que o fan é empobrecer as actuacións que se poden facer na nosa Ría e acaban xerando este tipo de convenios.

O propio sería que existise unha entidade supra municipal que axudara a desenvolver servizos comarcais na nosa Ría e vertebrar o territorio o que nos beneficiaría a todos. Isto de delegar os fondos e obras é algo estraño.

Estamos falando de fondos europeos destinados para o fomento do turismo pero nunha falta total de transparencia e unha falta total de participación neste procedemento. As obras e actuacións foron acordadas entre alcaldes e non se tivo en conta ao sector e sobre o que nos explicou a obra de mobilidade peonil é para a praza do Concello que é unha proposta do BNG fai 4 anos e unha obra que consideramos necesaria pero non entendemos que se faga con estes fondos, xa que unha praza non ten moita mobilidade. Vemos unha falta de ambición polo goberno de Outes porque entendemos que hai cuestións máis importantes en turismo. Ademáis dentro desta falta de transparencia na xestión non entendemos cales foron os criterios para o reparto dos fondos, segundo o que entendemos do documento para Outes vai menos dun 20%, pensa que é xusto ou equitativo? Porque con respecto a outros concellos temos menos orzamento e entón igual nos viña mellor unha maior parte. Consideramos que hai moitas lagoas e gustaríanos que explicase cales foron os criterios e porque non se tivo en conta ao sector turístico destes proxectos.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que como sempre “yo me lo guiso yo me lo como” expón que non se van a posicionar e si cremos que non deberíamos discutir unhas inversións de 2.000.000 € para a nosa zona, si que nos chocou que para Outes só nos afecta unha actuación. Tiñamos o convencemento que vostede como secretario de dita agrupación quería o mellor para Outes pero vemos que se quedou curto.

Suspendese o Pleno durante cinco minutos por un corte na subministración eléctrica.

Retómase o Pleno cinco minutos despois continuando coa súa intervención o Sr. Caamaño e indicando que e como sempre votamos de menos o diálogo co resto da corporación para ter en conta algunhas actuacións que se podían presentar. “Yo me lo guiso, yo me lo como”.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que o proxecto de Outes consiste na



mellora e humanización da praza do Concello e está incluído neste programa porque era no eixo que mellor encaixaba, xa que, unha das finalidades é conectar o termo urbano como paseo fluvial. Cremos que é un proxecto que se adapta a este fondos e vai servir para incrementar o atractivo da Vila da Serra. En canto aos criterios que apuntan se estableceu un reparto para actuacións exclusivas de cada concello e segundo lugar un criterio poboacional, hai unha parte fixa e outra parte variable que é a poboación. Parécenos adecuado e non nos parece moi lóxico que por ser nós tiveramos máis fora destes criterios.

En canto as actuacións dalgunhas delas doutros concellos vámonos ver beneficiados. A área de servizo de autocaravanas e bicicletas no Concello de Outes non é. Creo que non hai moito máis que comentar, cremos que o xeodestino tivo unha oportunidade e é utilizar estes recursos e que temos que traballar en conxunto e que hai moitas cuestións positivas neste traballo e imos porder mellorar o atractivo turístico gracias a estes fondos europeos e esperemos que se comecen a executar o antes posible.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non viron por ningún sitio que a actuación fora precisamente esa. De tódolos xeitos o que non está é o proxecto e nós o único que sabemos deste proxecto é este papel que os deu o 8 de marzo nunha xuntanza de voceiros que fixo e disto falamos tres minuto e é todo o que sabemos deste proxecto e gustaríanos ter máis información. Cremo que todo o sexa beneficiar ao turismo é positivo o que non temos claro é a vinculación que pode ter arranxar a praza do Concello e non cremos que sexa o máis oportunos e pensamos que outras actuacións serían máis oportunas.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que o BNG insiste en que están a favor da obra e que é algo necesario e recuperar o centro de actividade da Vila da Serra pero entendemos que non é xustamente os fondos polo que deberían facerse estes fondos. Debería de traballar un pouco máis, xa se ve que como alcalde é moi conformista, e premer a outras administracións para realizar esta obra. Insistimos que non sabeos que criterios se usaron, vostede di poboacionais e outros. Non ten sentido que de cinco concellos levemos menos do 20% e vostede como alcalde debería pelexar para que o noso Concello se beneficie e buscando un equilibrio co resto de Concellos e unha colaboración o que non pode ser é que vostede defenda un criterio de carácter poboacional, sabe os recursos limitados que ten o noso concello e sabe que por ser un concello con menos habitantes sería máis xusto unha discriminación positiva. Dende logo é decepcionante para nós porque debería ter máis participación do sector turístico e máis transparencia, e vostedes mantéñense na súa actitude. É unha magoa pero eso está na súa man.



Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que si vostede como Alcalde de Outes debía ser a persoa que máis mire por Outes e cantas máis actuacións no noso Concello mellor e segundo vostede criterio poboacional e outros paréceme vostede a persoa inadecuada neste caso. Se vostede con estas actuacións non tira para Outes e intenta sacar máis rendemento do que poda esixir é o que falaba o compañeiro se se conforma non temos outra opción que non estar do seu lado.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o criterio e o reparto é favorable aos concellos con menos habitantes e tamén temos que pensar en colectivo, e optouse por unha vía na que houbera unha variable fixa e outra variable. Se algo non fixo este goberno foi conformarse co que había pero temos que ser realista e actuar conforme á realidade.

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Outes e a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia para executar o PSTD “Novos Modelos para a sustentabilidade e competitividade Turística na Ría Muros-Noia”, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Outes para adhesión do convenio e para todas aquelas actuacións que sexan necesarias para a mellor execución do acordado.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

4. Expediente 39/2023. Contratacións.

Favorable	Tipo de votación



DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para explicar a proposta relativa ao Expediente 39/2023 relativo á contratación da subministración de enerxía eléctrica para o concello de Outes e indica que trátase da aprobación dos pregos dita licitación. Com saben neste momento carecíamos de soporte contractual para esta subministración no noso Concello e esta é unha carencia que queríamos resolver porque nos xera varios problemas, no senso contable e agora estaba a supor un incremento importante dos custes e estábanse a renovar os prezos e supón un incremento importante. Cremos necesaria esta contratación para o que foi preciso redactar uns pregos que están a súa disposición que foi produto dunha asesoría enerxética. Do que se trata é d e sacar a licitación e óptase por acollernos á tarifa que se indica.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o PP non posee nin os medios nin os recursos necesarios para poder avaliar a documentación técnica que forma parte deste expediente sen poder ter un criterio de rigor.

O que non nos parece oportuno é o documento que pretenden que sacar, estamos a dous meses de eleccións municipais nas que se terminará a contratación co novo concello e consideramos que despois de estar catro anos no goberno sen resolver a licitación e que aparezan a poucos días de finalizar o mandato con este asunto que implica unha gran contía de cartos e que sen dúbida terá repercusión na economía municipal e pensamos que se podería demorar a licitación ata despois das eleccións que a diferenza de tempos ería pouca. Para que o goberno que sexa elixido nas urnas teña a oportunidade de xestionar esta cuestión segundo os seus criterios.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que se esta a solucionar un problema de xestión que se arrastra dende hai moitos anos pero na Comisión nós, xa que é un documento complexo e cousas que se nos poden escapar, o que lle pedíamos eran eses informes desa asesoría que contrataron e non nos chegou nada nin ningún tipo de modificación. Cremos que non é tan difícil pasarnos a documentación que nos fai falta para estudar o expediente.

Máis alá disto comentáramoslle que era bo modificar o prego de contratación para que puntuara o uso do galego nas empresas que opten a participar, isto significa que se potencie o uso da nosa lingua e cremos que sería algo positivo para valorar as empresas de proximidade.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que parécelle que debe ser algo que se



debería levar a cabo máximo despois de catro anos algo aprendimos e nos primeiros REC que se sacaron adiante sempre había obxección por parte de intervención por culpa das tarifas eléctricas, entón a obxección nosa ten que ver neste expediente cos tempos. Tiveron vostedes dende mediados de 2019 e vistas as obxeccións nalgúns RECs tres anos perdidos, apuran tanto que o outro día tiveron que facer un pleno ordinario urxentísimo ás 12 da maña para aprobar algo que non podía esperar. Hoxe tráenos este expediente de licitación de subministracións porque non poden esperar e dicímoslle que non nos cae ben esta forma de actuar. A dous meses das eleccións outra cousa que cremos primordial e din que xa non a poden traer despois. Pregarálle que presenten dentro de tres meses se teñen a sorte de seguir gobernando esta mesma proposte e terán o apoio do partido socialista, cremo que non é o momento axeitado porque tiveron tres anos para levalo adiante e seguramente con mellores condicións que estas.

Toma a palabra o Sr. González que indica que dende a asesoría nos comentan que canto antes o saquemos será mellor para o resultado obtido. Gustaríanos telo traídos antes pero é un expediente complexo e unha licitación cun custe moi elevado e polo tanto é un expediente que leva tempo facelo. Nunca é tarde se a dita é boa. Pensamos que é unha boa noticia e non puidemos facelo antes porque fixemos outras cousas. Apuntaba a voceira do PP que non lle parecía moi adecuado que a dous meses das eleccións trouxeramos este expediente e tampouco lle vexo problema así como no seu momento tampouco o vimos cando vostedes a dous meses das eleccións trouxeron o expediente do SAF, creo que mesmo o goberno que entre se lle faciliten as cousas e fíxose con criterios efectivos.

Indica a Sra. Molinos que lles parece cando menos curioso que compare vostede o servizo do SAF con isto que traen vostedes, é certo que o deixamos feito e só quedaba a adxudicación e menos mal que o deixamos así porque dous anos máis tarde recorde o que pasou, non só non sacaron a licitación senón que esqueceron facer un simple trámite de prórroga e os máis vulnerables de Outes estiveron cunha empresa que prestaba o servizo sen contrato.

Indica o Sr. Núñez que quería lembrar o que pasara neste pleno con relación ao SAF e é curioso a premura disto e que vostedes da prórroga do SAF non se lembraran e que teñen que facer é sacar dita licitación e no seu caso que sería a mellor opción remunicipalizar este servizo. Insistimos en que ne concreto a iniciativa pode solucionar problemas de xestión e cremo que existe unha dobre vara de medir en relación ao contrato do SAF con informes desfavorable se



secretaría que indica unha prorroga nula de pleno dereito e que se adican menos apreciar e a basearse nun folleto pagado para xustificar que vostedes estaban moi ocupados para asinar a prórroga do contrato máis importante do Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que o Sr. Alcalde indica que os prazos son os que son, e lembra que o Sr. Alcalde vota por diante que os funcionarios do Concello de Outes non dan feito, sobre todo cando se trata de regular as facturas para pagar dos nosos veciños. Isto leva moito tempo porque os funcionarios están entorpecidos de algunha maneira pola súa xestión de urxente urxente e agora. Tráeme este expediente dentro de tres meses e terá o noso apoio.

Toma a palabra o Sr. González que lamenta non ter o apoio nesta ocasión e poñía de manifesto que o que agora facemos a dous meses das eleccións o fixo o anterior goberno que agora critica.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a licitación “SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA PARA EL AYUNTAMIENTO DE OUTES”, convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe 1.162.114,14 € con cargo á aplicación orzamentaria 165.22100.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato, nos termos que figuran no expediente.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no “Diario Oficial da Unión Europea”, deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.



SÉTIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

— D^a. Sofía Pérez Figueira, que actuará como Presidente da Mesa (Administrativa urbanismo), ou persoa que legalmente a substitúa.

— D^a. Minia Astray Barca, Vogal (Secretaria da Corporación, ou persoa que legalmente a substitúa.

— D^a. Ana Robles Gómez, Vogal (Interventora da Corporación), ou persoa que legalmente a substitúa.

— D^a Juana Pedrosa Leis, Vogal (Educadora Familiar), ou persoa que legalmente a substitúa.

— D^a. Berta Buján Casanova, Vogal (Traballadora Social), ou persoa que legalmente a substitúa.

— D. Andrés Busto Allo (Técnico de Promoción Económica), que actuará como Secretario da Mesa, ou persoa que legalmente o substitúa.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 1 voto voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR:

- **PP:**

PRIMEIRA 1. Ante unha pregunta feita no Pleno de xaneiro ante unhas facturas que quedaron sen pagar no ano 2022 e que valor, o Sr. Alcalde indicou que quedaban sen pagar 1.495 facturas por valor de 430.000€ e no REC que se incluíu neste pleno inclúanse facturas referentes ao ano 2022 e con rexistro de entrada de ese ano cun valor de 481.840,21 €, un montante máis elevado do que recoñeceu o Sr. Alcalde.

1. Mentiu o Sr. Alcalde cando respondeu á nosa pregunta?



2. Ten aínda facturas no Concello do ano 2022 ou anos anteriores sen pagar aos seus titulares? Se é así, a canto ascende esa cantidade?

Responde o Sr. González que non mentiu e que esas eran as cantidades que cando preguntei se me trasladaron o que é certo é que logo continúan aparecendo facturas en 2023 que corresponden a 2022 e polo tanto que poden ir ao REC e cando preguntou non estiveran recollidas.

Si que quedan de novo para un REC e algunhas do REC xa aprobado están pendentes de pago, varias de subministracións eléctricas e que se pagaran pouco a pouco e que son 222.000€ e que xa foron aprobados practicamente todos no REC. Logo hai outros 133.000€ pendentes que irán ao REC que corresponden a facturas que son de facturas que entraron ao longo de 2023.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que cando fixo esta pregunta s Sra. Quintela contestou o mesmo, que hai facturas que entran no ano 2023 e qu e pertencen ao ano anterior e xa lle dixen que non se correspondía coa realidade do que se preguntaba. Fai referencia a Sra. Molinos a discordancia das cantidades con relación as facturas e indica a cantidade exacta da diferenxia. A resposta que da non é válida. Vostede non me resposta ao que lle pregunto de se quedan aínda no rexistro de entrada facturas pendentes do ano 2022 ou anteriores sen pagar e de ser así a canto ascende.

Toma a palabra o Sr. González que xa diso que eses eran os datos e que non mentiu e que habería facturas pendentes de contabilizar, solicito a información e posteriormente trasládoa aquí.

PREGUNTA 2. No pasado ano rematouse o proxecto para substituír as luminarias de alumeadado público do Concello naqueles lugares onde non estaba feito, substituíras por aquelas de maior eficiencia enerxética. Chámanos a atención que en certos puntos como a estrada AC 550 en Ribademar sigan instaladas as lámpadas antigas. Porque non se substituíron esas luminarias?

Responde o Sr. González que non se substituíron porque xa houbera actuacións previas de substitucións de luminarias por luces LED e o IDAE só financiaba o cambio de cadros completos e luminarias completas non se puideron incluír.

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. A empresa que está levando a cabo as obras das beirarrúas da entrada do porto do Freixo estivo a depositar os escombros nunha finca particular.



Supoño que cando se fan os proxectos e informes están incluídos as retiradas do escombros e estanos cobrando por isto. Pensan vostedes facer algo ao respecto? Recadarán vostedes a parte proporcional do proxecto en canto a este apartado?

Responde o Sr. González que o que aconteceu como en calquera obra na que se retira material sobranse deposítase temporalmente nun espazo e despois recollelo a empresa e levalo e tratalo como se debe e esta empresa penso que xa o fixo.

Indica o Sr. Caamaño se o Sr. Alcalde está seguro do que di, porque o que hai é un recheo irregular e material o que o Sr. González responde que o material que ten que ser trato retírase dese sitio, com é habitual e como ten que facerse.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o 06 de xuño do pasado ano publicou unha Orde pola que se establecían as Bases Reguladoras e se convocaban subvencións para a adquisición de vehículos destinados aos Corpos de Policía Local de Concellos con menos de 50.000 hab. Que serían financiados polo Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia.

Con data 16 de xuño de 2022 o Sr. Alcalde ditou unha Resolución pola que aprobaba a solicitude do Concello para optar a dita subvención e aceptaba as condicións e requisitos que se establecían nas Bases Reguladoras.

Nesas mesmas Bases, no seu artigo 16, indica que o prazo de xustificación dos pagos do renting, finaliza o 30 de xaneiro do ano inmediatamente posterior a cada libramento anual.

Como non temos constancia de ningún movemento feito polo Goberno Municipal ao respecto deste expediente e tampouco vimos pola rúa ningún vehículo novo da Policía Local e sabemos que en outros concellos que se acolleron a esta axuda sí o hai, preguntámoslle o seguinte:

- ¿A Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Outes solicitada?
- De ser así: ¿A que importe ascendeu dita axuda? ¿Xustificouse o cumprimento do estipulado nas Bases en tempo e forma?, ou ¿Estamos de novo ante outra perda de subvención xa concedida?



Responde o Sr. González que a Xunta de Galicia concedeu esa subvención por resolución en 17 de outubro e nese momento e cando podemos iniciar ese proceso de licitación, puxémonos en contacto con concesionarios e dixéronnos que era imposible a 31 de decembro ter un vehículo nesas condicións. Polo tanto, fomos avanzando na elaboración dos pregos e estamos buscando outra vía de financiamento e con esta subvención resultou imposible.

Indica a Sra. Molinos que non lle indicou a contía ao que o Sr. González indica que si o dixo e que a mesma é de 33.600 € e continúa a Sra. Molinos que sumamos e que se apuntan para a suma de tódalas subvencións que perderon, isto non ten xeito e hai outros concellos que si que teñen este vehículo. Pero que perda cartos que ten na man e que non xustifique ... gustaríame que a cámara enfocase a vostede e os veciños vexan como se está rindo de esta cuestión e de perder cartos que non son seus. Non sei se ten noción do que significan os cartos.

Responde o Sr. González que si que lles parece importante aproveitar todas as subvencións que temos e o que non ten xeito é que a Xunta de Galicia resolva esta subvención en outubro e calquera particular que merque un coche sabe o que lle tarda e agora imaxínese vostede un coche coas características técnicas deste tipo de coche.

- **Partido Socialista:**

1ª PREGUNTA - Canto facturou o grupo La Voz de Galicia ao concello de Outes no ano 2021 e no ano 2022?

Responde o Sr. González que no ano 2021 facturou 8.031€ e no 2022 facturou 8.228€ e hai que recordar que a Voz de Galicia a parte de cuestións de publicidade é o periódico de maior tirada da zona, polo tanto, é onde se publican todos os anuncios de ofertas de emprego.

Indica o Sr. Caamaño que non lle pareza mal esta pregunta pero simplemente esta pregunta é por un matiz persoal para calcular máis ou menos o barato que nos saen as súas fotos no periódico e non por outra cousa.

2ª PREGUNTA.-¿É certo que vostedes fixeron o proxecto de remodelación do campo do Conchido sin contar coa directiva do Outes FC?



Responde o Sr. González que non é certo e que aínda que é de titularidade nós a iniciativa ten moito que ver coas reunións que tivemos coa dirección da directiva do clube que nos trasladou que era unha necesidade e cando o equipo técnico que redactou o proxecto foi alí a facer as medicións había membros do staff directivo do clube. Indica o Sr, Caamaño que só lle informou que ía a medir, eu pregunto se fixeron o proxecto sen contar a directiva e responde que non é certo e cando o equipo técnico foi medir había xente alí. Responde o Sr. González que se había xente na medición é porque deron a súa opinión, de feito nós non tiñamos a previsión de aumentar o campo e foron eles o que indicaron que sería oportuno e comentáronse moitas cuestións técnicas.

3ª PREGUNTA.-¿Non é certo que compoñentes da directiva do Outes FC se puxeron en contacto con vostedes logo de ver o proxecto, que tan urxentemente vostedes sacaron adiante nun pleno SUPER EXTRAORDINARIO ás 12 da mañá, e lles dixeron que as medidas que vostedes levan no proxecto non son as mais adecuadas e que tampouco o é a altura de céspede que consta no mesmo?

Responde o Sr. González que non é certo e non é certo que viñeran ninguén da directiva a falar con nós por esta cuestión sobre o que apunta e non me parece moi adecuado que poña en boca doutra xente que non está hoxe aquí cuestións que ao final o único que poden derivar é un mal ambiente nunha relación que creo que é adecuada. Se hai algunha cuestión que este proxecto suscite estamos disposta a escoitar. Non é certo o que vostede apunta.

Con respecto ao convenio indica o Sr. Caamaño é un convenio e non tivemos ocasión de dicirlle nada que sexa a súa maneira 50%-50% cando noutros concellos fíxose a mesma obra sufragada no 80% pola deputación e o 20% polo concello.

Responde o Sr. González que é unha boa noticia este financiamento e que se van a solicitar máis financiamento.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**

1ª. PREGUNTA.- Temos coñecemento a través dos medios de comunicación que o Concello de Outes participa xunto con outros axentes nun proxecto denominado Renatur Outes e que dende o goberno se indicou que se desenvolverá ata finais de 2025 contando cun orzamento que supera os 900.000€. Como non nos queda moi claro a distribución deses fondos europeos nin os conceptos concretos aos que van destinados queríamos facer ao goberno as seguintes preguntas:



1. Do orzamento que se menciona, cantos cartos lle corresponden especificamente ao Concello de Outes?

2. A que se van adicar concretamente os fondos que lle corresponden a Outes? E cales son os prazos de xustificación de emprego dos mesmos?

2ª. PREGUNTA.- Onte vimos unha noticia na prensa sobre a que nos gustaría preguntarlle e trátase da limpeza das praias, nesa noticia o Sr. Alcalde deu a coñecer que estaban comezando as tarefas de limpeza no Freixo e que o resto sería adecentado de cara ao verán, as nosas preguntas son:

1. Que foi o que mudou para que cando vostedes estaban na oposición mandasen reiteradamente que as praias estiveran listas de cara a semana santa e agora segundo as súas declaracións se adecentarán de cara ao verán?

2. Cando vai a estar realmente limpa e en condicións de ser desfruta con comodidade e seguridade polos usuarios a praia de Broña?

3ª PREGUNTA.- Con respecto ao proxecto de renovación de alumeadado público do Concello no seu día comentárase que as luminarias tiñan un prazo de garantía e como non nos quedou moi clara esa cuestión, preguntámoslle ao goberno:

1. Cantos anos de garantía teñen as luminarias do alumeadado público e os compoñentes asociados?

2. Que alcance ten esa garantía?

4ª PREGUNTA.- Con relación á relación de facturas número 6 de 2023 que lle chaman facturas recorrentes do 2023. Hai unha factura a unha empresa que pon mantemento da EDAR do 16.01.2023 a 31.01.2023 por 3.318,43€ e queriamos preguntarlle, de que se trata esa factura? E se é correcto o período do mantemento?

- ROGOS:

• **PP:**

ROGO 1. Veciños de Pontenafonso, concretamente do lavadoiro público que hai na entrada, queixanse de que un contedor de residuos do que viñan facendo uso desapareceu e agora teñen que levar a basura a outro sitio máis lonxe. Rogámoslle ao goberno que tome as medidas oportunas para solventar ese problema.



ROGO 2. Relativo a un poste de telefónica en Tarás que presenta unha situación moi deficiente o que supón un risco para quen transite por ese lugar. Rogamos ao goberno que tome as medidas oportunas para que se solvete esta situación e evitar unha eventual e indesexable incidente.

- **BNG:**

ROGO 1. Dende que se fixo o traslado do PAI a EIM estaría ben eliminar as obstrucións do aparcadoiro das antigas instalacións e a sinal e redistribuír o libre aparcadoiro nese espazo.

ROGO 2. Onte estivemos na proxección do documental San Finx 1960 e gustaríanos que o Concello de Outes tivera a ben organizar unha proxección na casa da cultura porque entendemos que é importante e que o goberno poña da súa parte para concienciar á veciñanza e dar información sobre o que está a acontecer con estas instalacións mineiras. Cremos ademais que máis alá de organizalo que fixeran un chamamento público.

ROGO 3. En canto ao campo de fútbol que se convocou ese pleno extraordinario urxentísimo con xusto 24 horas de antelación, nó insistimos que non nos parece a maneira de actuar do goberno. Vostedes sabían perfectamente fai tempo, porque o proxecto é de xaneiro, e non se nos mencionou en ningún momento. Cremos que non se pode xustificar esta premura máis que nunha cuestión política. Insistimos en que hai un conformismo por parte da Alcaldía e un interese como se veu cunha publicación realizada nada mais aprobala e polo que hai un puro interese electoralista. Rogamos que teñan estas cuestións en conta e que practiquen a transparencia.

ROGO 4. En canto ao proxecto Outes Renatur gustaríanos que se nos transmita e se nos pasara a documentación por completo, proxecto e orzamento pormenorizado, da actuación do Concello. Rogamos que practiquen a transparencia.

- **Partido Socialista:**

ROGO 1. No Mosteiro do Freixo está a caer o muro dunha horta e está a facer que a estrada que accede ás dúas últimas casas queden inutilizada e que nun caso extremo non poida pasar unha ambulancia e a penas pasa un coche. Rogámoslle que se acerquen e estuden a viabilidade de acometer algo en dita parede.



ROGO 2. Rógolle que se lembre da limpeza das praias de Broña, Portosiavo e da detrás da lonxa.

Remata a sesión ás 22:40 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

